



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE SETEMBRO DE 2020

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de reforma parcial para cumprimento da normativa de protección contra incendios do DBSI na rúa Santiago del Estero, 6 -1B. LIC/187/2020. Acórdase conceder a licenza.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova de construción de nave avícola, esterqueira e locais auxiliares no LG Vilariño de Busto, 26. LAP/537/2019. Acórdase conceder a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao inicio da vía de constrinximento para o cobro das cantidades adebedadas á Entidade Urbanística de Conservación do polígono 1 de SUNP-27 (Piñeiro) polo propietario das parcelas C-16 e C-17. Acórdase autorizar a aplicación da vía de constrinximento para o cobor das cantidades adebedadas por MANTENGO 2000 SL. á Entidade Urbanística de Conservación do polígono 1 do SUNP-27, polo importe total de 465 euros en concepto de cotas de conservación imputadas ás citadas parcelas.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao inicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización adebedadas por Urban Portfolio Inmobiliario S.L. á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3 de Pontepedriña. Acórdase autorizar o exercicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO SL, á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3, por importe de 142.979,38 euros.

Tamén se acorda declarar o incumprimento do deber de urbanizar contraído por URBAN PORTFOLIO SL no procedemento de concesión da licenza de edificación anticipada da parcela PR.5 do polígono 2 do SUP-3, para os efectos de acordar, se procede, a incautación das garantías constituídas no citado procedemento polo importe necesario para financiar o remate das obras de urbanización pola Xunta de Compensación do polígono.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos prezos públicos e reducidos das actividades regulares do curso 2020/21 da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago; así como dar conta da súa programación. Apróbanse os prezos reducidos e públicos relativos ás actividades regulares e estables da rede de Centros Socioculturais do curso 2020/2021, e dase conta da programación nos distintos centros.

Os prezos das actividades veñen condicionados polos seguintes factores:

- Tipo de usuario (menores, persoas adultas, mocidade)

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail: prensa@santiagodecompostela.org

- Duración da actividade (45 m., 1 hora e media ou dúas horas)
- Índole da actividade
- Territorialidade (lugares onde se imparten -barrios ou rural e dispersión territorial)

En virtude do artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, no que se establece que “cando existan razón sociais, benéficas, culturais, ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar presos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior”. Tendo en conta o estudo económico realizado sobre a relación entre os custos e o prezo público das actividades dos CSC no Concello de Santiago, elaborado polo profesor F. Xavier Martínez Covas, o custo por hora de actividade resultar ser de 60,30 euros, estimado tamén o custo poals horas totais de traballo (107,237 horas), o resultado é un prezo reducido de 27,05 euros.

Os prezos das actividades da rede de centros socioculturais non sufren variacións respecto á tempada anterior. Serían, unha vez minorados por razón de índole cultural e territorial:

- Adultos/mocidade, por trimestre:
 - 45 m.: 25 euros.
 - 1 hora: 30 euro
 - 1,5 horas: 40 euros
 - 2 horas: 55 euros
- Nenos/senior por trimestre:
 - 45 m.: 10 euros
 - 1 hora: 12 euros
 - 2 horas: 45 euros.
- Adultos/mocidade, nenos/senior por trimestre: tendo en conta a maior dispersión territorial.
 - 45 m.: 10 euros
 - 1 hora: 12 euros
 - 1,5 horas: 15 euros.

7.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.

URXENCIAS:

- 1. Proposta para dar conta á Xunta de Goberno Local do fallo do Xurado do XIII Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.** Dase conta á Xunta de Goberno Local do veredicto do xurado do citado premio, que nesta edición recaeu no traballo á obra presentada baixo o lema “desde 1880” de Pietro Gottusso, de Roma (Italia).
- 2. Proposta relativa á ampliación e distribución de crédito na convocatoria de “Axudas para a mellora e innovación do comercio local”, do programa “ Coidar para mellorar. Anualidade 2020”.** Dase conta das operacións orzamentarias realizadas co fin de habilitar o crédito para o aumento da dotación da citada convocatoria de axudas e acórdase asignar, ao abeiro das solicitudes presentadas, os importes que seguen como dotación adicional a cada unha das liñas da convocatoria.
 - Liña A: Investimentos para a adecuación dos locais: 39.340 euros, quedando a dotación definitiva en 154.340 euros.

- Liña B. Gastos de comunicación realizada en lingua galega: 8.040 euros, que se sumarían aos 15.000 orzamentados, quedando a dotación definitiva en 23.040 euros.
- Liña C. Axudas para gastos na adecuación dos negocios e en servizos profesionais relacionados con innovación ou coa recuperación económica necesaria por mor da COVID-19. 22.620 euros, quedando a dotación definitiva en 102.620 euros.

3. Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito relativos a:

- Gastos por prestación do servizo de obradoiros de achegamento á cultura tradicional en varios centros socioculturais durante o mes de febreiro de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 1.887,6 euros.
- Gastos por subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social (contrato de emerxencia COVID-19, Decreto de 26/03/2020) por importe de 150 euros.

4. Proposta de aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ateneo de Santiago para o ano 2020. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago, por importe de 20.000 euros. No texto o Ateneo de Santiago propón, entre outras actividades de interese, a realización do ciclo de conferencias “Os luns do Ateneo”, Ateneo Radio, club de lectura, bicentenario do nacemento de Concepción Arenal, centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, visitas guiadas, faladoiros, premio Alfredo Vicenti e presentación de libros.

5. Proposta de aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural o Galo para o ano 2020. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación cultural o Galo, por importe de 5.000 euros. No texto, a citada asociación propón, entre outras actividades de interese, roteiros, visitas guiadas, presentacións, exposicións e conferencias, todas elas principalmente de temática compostelá.

6. Proposta de aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cidade Vella para o ano 2020. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación Cidade Vella, por importe de 20.000 euros. No texto, a citada asociación propón a realización do festival “Feito a man”.